

**ACTA NÚM. 02 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
QUE TIVO LUGAR O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2019.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as 16:35 horas do día 28 de xaneiro de 2019, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinariaordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, alcalde-presidente.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.

Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.

Dona Branca Petra Novo Rey.

Don Xan Xesús Duro Fernández.

Dona Concepción Fernández Fernández.

Don Manuel Díos Diz.

Dona Marta Irene Lois González.

Don Rafael Peña Vidal.

Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.

Dona M^a José Castro Carballal (ausente).

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

Dona María José Corral López.

Don Manuel Martínez Varela.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.



Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Don Pedro José Rey Sanchiz.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.

Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Juan Ramón Gonzalez Carnero

ORDE DO DÍA

1.-Toma de posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

2.-Aprobación, se procede da Conta Xeral da Entidade Local do ano 2017.

1.-Toma de posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

Non comparece Don Antón Barba Pereira

2.-Aprobación, se procede da Conta Xeral da Entidade Local do ano 2017.

Por Doña María Rozas no desglose da conta indica que reducir a débeda bancaria, coloca a Santiago en mínimos históricos e permite contar cun Concello saneado e con boa saúde económica. Entre as partidas con mellor execución sitúase a de mantemento, cunha execución do 91%, e a de áreas como Igualdade, Deporte ou Centros Cívicos, que superan o 100% de execución. A execución dos gastos correntes ascendeu ao 91,38%, que equivale a 78.561.631 euros.

En canto aos investimentos reais, coñecido comunmente como obra pública, no ano 2017 investíronse 6,5 millóns de euros. Recoñece que se mantén o problema estrutural que ten o Concello de Santiago dende hai décadas e que fai que a porcentaxe de execución neste capítulo se sitúe no 23%, e que os proxectos que non se executaron na súa totalidade no 2017 iniciáronse ou executáronse na súa totalidade en 2018, como as obras de accesibilidade de Triacastela, a reurbanización de Castrón Douro ou a senda peonil en Lamas de Abade. O informe da regra de gasto sinala que o Concello de Santiago cumpriu esta norma por só 6.000 euros. A concelleira de Economía e Facenda indica que se tiveramos gastado 7.000 euros máis teríamos incumplido esta regra que dende o Goberno entendemos que é absurda, porque impide que os Concellos gasten aínda que teñan recursos dispoñibles.

Por Rubén Cela Díaz fai dúas consideracións previas antes de entrar no fondo do debate que hoxe nos trae aquí:

A primeira, é unha obviedade. Por desgraza, tamén un clásico neste Concello. A presentación desta Conta Xeral de 2017 chega fóra de prazo. A lei obriga a remitilo ao Pleno do Concello antes do 1 de outubro e ao Consello de Contas de Galiza antes do 15 de outubro. Vostedes fano catro meses máis tarde do permitido por lei. Non parece moi razoábel aprobar a Conta Xeral de 2017 en pleno 2019.

Retrasos e incumprimentos deste tipo neste goberno non son a excepción, senón que foron –e son- a norma ao longo destes anos. A ninguén, a estas alturas lle debería sorprenden. O que si que sorprende, é que a tendencia sexa a facer as cousas cada vez peor e máis tarde, en vez de ir mellorando a medida que vai avanzando o mandato.

Segundo o artigo 212.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais, os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente antes do día 15 de maio do exercicio seguinte ao que correspondan. Non foi o caso, xa que o Informe de Intervención desta Conta está datado a 8 de outubro de 2018, case cinco meses despois dese prazo. Nese mesmo artigo sinálase ademais que, a Conta Xeral formada pola Intervención será sometida antes do día 1 de xuño a informe da Comisión Especial de Contas. Mais a Comisión se desenvolveu o 13 de decembro. É dicir, con máis de medio ano de retraso. Cunha consecuencia nova este ano, a imposibilidade a data de hoxe de obter subvencións da Xunta de Galiza.

Señora Rozas, será a concelleira de Facenda que máis tarde aprobou a Conta Xeral neste Concello, cando menos desde que eu formo parte da corporación, e vai xa para oito anos.

A segunda consideración que nos gustaría facer é tamén xa un clásico: para estas contas municipais non existen elementos patrimoniais propios e individualizados. Só constan os gastos que realizamos en investimento, mais non podemos saber o resto de activos dos que dispón o Concello en coherencia co Inventario de bens, inventario que non foi aprobado tampouco por este Pleno.

Tomouse posesión neste e noutros mandatos con este déficit e nada se ten adiantado ao respecto pese aos informes reiterados poñendo de manifesto que esta grave incidencia afecta á credibilidade e a situación da imaxe fiel do balance que se nos presenta a aprobación.

Non foron poucas as cesións de patrimonio que o Concello foi obtendo de particulares que deberían ser rexistradas no activo do balance; tampouco se aportan datos das instalacións municipais nin dos servizos concesionarios e a súa valoración. Por exemplo, a efectos contábeis non existen as instalacións de abastecemento de augas, as instalacións deportivas cedidas ao Concello ou non existen os aparcadoiros públicos. Nin o Auditorio, nin o Teatro Principal nin o Refuxio de Animais, existen contabelmente.

Esta ausencia, impide que a Conta Xeral sexa unha imaxe real económico-financeira e patrimonial do Concello. Calquera empresa tería a ben reflectir a integridade dos seus activos que dan solvencia ao seu pasivo. Moito máis se cabe, como é neste caso, no ámbito público.

Polo tanto, estas contas, como as dos anos anteriores, non reflecten a realidade mais que dunha parte da xestión, aquela que fai referencia ao gasto efectuado materialmente e os ingresos percibidos pola vía do orzamento do Concello. Polo tanto, para nós, como lle dicíamos o ano pasado: son unha contas coxas e non suficientemente transparentes no sentido de non reflectir unha imaxe fiel da globalidade da situación económico-financeiro e patrimonial do Concello. Sen ter en conta o patrimonio municipal a efectos contábeis, todo pasa a ser gasto, cando iso non é certo. Cando houbo e hai xestión pública municipal que levan parellas capitalizacións para este Concello.

Trátase dunha carencia de información económica básica que ven de vello. Isto é un crítica a CA, mais tamén unha crítica a gobernos anteriores e, neses sentido, tamén autocrítica na parte que nos corresponde. Porén, o que é indiscutíbel é que nestas 4 anos de Compostela Aberta non temos avanzado nada nesa dirección

Do mesmo xeito, é especialmente preocupante que a memoria que se presenta determine varias limitacións á imaxe fiel e así o enuncie no seu punto 6.3: entre elas as que traen causa na non transparencia por parte da asesoría xurídica dos litixios que mantén o Concello e que permitan avaliar e reflectir contabelmente os riscos económicos ao peche do exercicio. Tampouco melloramos senón que nos estancamos, como así recoñece a memoria, na fluidez de información que debe achegar o Refuxio de Animais. Tamén se presentan novos riscos como consecuencia da situación contábel de INCOLSA e da que se poda deducir de TUSSA unha vez perda a súa condición de empresa municipal de mercado como consecuencia da internalización da ORA.

Entrando xa no contido da Conta que se nos presenta, dicir que o Grupo Municipal do BNG non vai entrar hoxe no detalle desta conta por entender que as consideracións fundamentais, de tipo político, que o noso Grupo podería facer á mesma, xa están feitas na valoración que realizamos no momento da presentación da Liquidación de dito exercicio. Porén, con todo, hai algúns datos que nos fornece esta conta, e que están interrelacionados entre si, que nos gustaría destacar :

O baixo nivel de execución orzamentaria, sobre todo, no te que ten que ver cos investimentos e transferencias

Dos algo máis de 28 millóns de euros que vostedes tiveron para executar obras e investimentos en Santiago durante 2017, deixaron sen executar máis de 21,5 millóns de euros. É dicir, a execución do CAP VI de investimentos foi do 23,7% (cifra que baixaría ao 21,9% tiveramos en conta para o seu cálculo tamén a execución das transferencias de capital). Especialmente grave é esa inexecución se temos en conta as grandes necesidades de Santiago e o papel fundamental de panca dinamizadora da economía local e consecuente xeración de emprego que deberían xogar estes investimentos en vez de quedar os cartos nun caixón.

Seguen na senda do exercicio anterior (en 2016 a execución foi do 22%) e lamentablemente, moito nos tememos que a de 2018 será aínda peor, tendo en conta que a 30 de setembro só levaban executados o 7,88% dos investimentos.

Ese nivel de investimento ten consecuencias tamén en datos como o investimento por habitante. Fíxense na evolución:

2014: 70,32 €/h

2015: 92,58 €/h

2016: 62,03 €/h

2017: 68,19 €/h

É dicir, é o segundo peor dato dos anos anteriores. Pero é, tan só, un 23% do que se investía por habitante en 2010 cando Compostela facía un investimento anual por habitante de 292,28 euros.

Non só é baixa a execución dos investimentos. Tamén o das transferencias. Así vemos unha execución no CAP IV, especialmente grave por, exemplo no referido a subvencións a entidades sen ánimo de lucro. Son recursos que o Concello debería pór a disposición da cidadanía e que quedaron no peto do Concello. Difícil de entender en áreas tan sensíbeis como servizos sociais ou fomento do emprego. Un período medio de pago a provedores inaceptábel. O período medio de paga a provedores en 2017 foi de 37,75 días. Un mal dato se temos en conta que incumpre o tope marcado por lei de 30 días. Porén o problema non é ese dato. O problema é a evolución que está a ter ese dato. No pasado mes de outubro chegou a ser de 87,58, é dicir a case triplicar o máximo legal. É certo que mellorou no último dato dispoñíbel do mes de novembro: 60,72 días, máis do dobre do legalmente aceptado.

O SUPERÁVIT E O REMANENTE TESOURERÍA

Na Conta Xeral que hoxe sometemos a debate existen unha serie de parámetros que apuntan a un bo aspecto económico-financeira deste Concello, xa enunciou na súa intervención a concelleira os fundamentais. Mais, como na vida mesma, ter bo aspecto, non é sinónimo de ter boa saúde.

O certo é que alén deses indicadores que nos poden levar a unha foto fixa enganosa, o que constata esta Conta Xeral de 2017 e que os ingresos correntes seguen a constrinxir a capacidade de realizar gastos para o Concello.

A foto fixa é de superávit. Mais a clave non está no feito en si de que exista ou non superávit contábel. A clave, como comentaba antes, está na procedencia do mesmo. Hai superávit non porque haxa máis ingreso corrente. Hai superávit, ao igual que denunciámos en anos anteriores co Partido Popular porque non gastan. E se non gastan non é porque sexan aforradores, ou fagan moitas cousas a prezos máis competitivos, senón porque non foron capaces de executar os proxectos comprometidos coa veciñanza a través dos orzamentos.

Esa política, só conduce a estrangular máis ao Concello e deixar moi pouca marxe para o futuro. Isto é así, xa que se non gastan o que prometen, e gastan cada vez menos, a regra do gasto legalmente establecida PENALIZA a futuros orzamentos. A regra do gasto implica que o ano seguinte podemos gastar nunha porcentaxe do gasto do ano anterior, e con esta política de non execución cada vez reducimos máis a posibilidade de incrementar gasto o ano seguinte. O informe de Intervención que temos enriba da mesa, xa pon de manifesto a posibilidade de incumprimento desa regra no exercicio 2018 e a consecuente necesidade de redución de gasto.

Especialmente preocupante se temos en conta que os datos de execución do ano 2018 a 30 de setembro, especialmente preocupantes.

Ese superávit, señora Rozas, non é un éxito, senón un fracaso. Porque, nin cae do ceo nin é froito da boa xestión. Mais ben, de todo o contrario. Fundamentalmente, á falta de execución. E, este ano é dobremente gravoso xa que, nin tan sequera, puidemos destinar parte del, como noutros anos, a investimentos financeiramente sostíbeis xa que o Concello non cumpriu tampouco os seus compromisos en materia de pago a provedores, e a lei lle impide por esa mala xestión, realizar eses investimentos. Resultado práctico? Máis pago aos bancos e menos investimento en Santiago.

POSICIÓN DE VOTO

Polo tanto é a modo de resumo e de fixación da nosa posición de voto:

A Conta Xeral debera reflectir a imaxe global do Concello e das súas entidades dependentes desde un punto de vista contábel, financeiro e patrimonial nun exercicio económico. Para nós, este como xa comentei ao comezo da intervención, este non é o caso.

En calquera caso, para o noso Grupo, a pesar de que esta Conta Xeral non cumpre nalgúns aspectos importantes co seu principal obxectivo: reflexar a imaxe fiel da situación económico-patrimonial do Concello o noso voto non será negativo, senón de abstención para facilitar que sexa remitida ao Ministerio de Economía e Facenda, aínda que sexa con tantísimo retraso e, polo tanto, para poidamos recibir os fondos que lle corresponde a este Concello.

Por Don Francisco Reyes Santiás indícase que este documento é unha partitura da pésima xestión de Compostela Aberta. Entre outras cuestións, se presenta fóra de prazo e que é a primeira vez na historia da democracia que estamos na lista negra da Xunta para recibir subvencións, xa que é requisito fundamental que o goberno local teña dito documento. De feito, a data límite para ter aprobada a remitida ao Tribunal de Cuentas e a Xunta era o 15 de outubro. Hai ausencia de execución que derivou nun remanente de oito millóns de euros, que á súa vez non poideron ser adicados a investimentos por non cumprir co pago medio a provedores e, polo tanto, tiveron que destinarse a amortización de débeda. Precisamente sobre o pago a provedores a 31 de decembro eran máis de 22 millóns de euros o que se lles debía -e a maioría, pequenos comerciantes e empresarios composteláns-, mentres que en caixa había máis de 25,6 millóns. Non se xustifica que se teña esta cantidade en caixa e que non se lle pague á xente que é, ademais, case toda de Santiago. Os saldos de dubidoso cobro ascenden a 18,3 millóns, un millón máis que en 2016. Pregúntase pola orixe destas débedas co Concello sen cobrar e se denuncia todo o que se deixou de ingresar. Sobre a execución orzamentaria da partidas de capital esta non chegou ao 22%, polo que de 100 euros para investimentos, 78 quedaron sen gastar. Cítanse algúns

exemplos de partidas con baixo, ou mesmo nulo, grao de execución, como a familias e ONG -o 99% sen executar-; mantemento de parques e xardíns -sen executar o 28%-; instalacións deportivas -o 45%-; camiños veciñais -o 71% sen gastar-; vivenda -o 100% sen executar da partida consignada-; ou a protección do patrimonio histórico-artístico -o 56% sen executar-.

Esta conta, tal e como está presentada, se tivera que pasar por unha Auditoría pública, non a pasaría sen seria advertencias, xa que faltan, entre outros, o inventario do patrimonio do Concello, que provoca que a conta xeral non sexa un fiel reflexo da situación económica, financeira e patrimonial do Concello. A situación de case dous millóns de euros en facturas no caixón, das que 433.00 euros viñan de 2016 que nin foron orzamentadas en 2017 dan idea da situación real da xestión deste goberno. Engádese que o gasto total de 2017 foi menor que en 2016, e cinco puntos inferior a xestión dos ingresos. Isto constata que non estamos ante un grupo de goberno novo, que aprende e mellora, senón o contrario, xa que os datos son peores que en 2016. Finalmente faise unha reflexión sobre o que vai afectar a Santiago a aplicación da regra de gasto, coa que, como quixo clarexar, nós non estamos dacordo. Pero a realidade é que ao non poder gastar máis que unha porcentaxe do que se gastou en cada ano e dado o baixo nivel de execución, o que CA está a facer é estrangular a capacidade de gasto do goberno que saia das municipais de maio de 2019. Ademais, a este problema hai que engadir que o grupo de goberno está a gastar en débeda, pero ao mesmo tempo non deixa de endebedarse. Os dous anos de carencia dos préstamos do goberno van afectar sobre todo ao goberno seguinte.

Por Don Agustín Hernández indícase que:

O Goberno local a debate e votación un documento técnico, elaborado pola intervención municipal conforme ao programa de contabilidade, que mostra de forma obxectiva a actitude e o proceder deste Goberno, desprovisto da maquillaxe da palabrería e da propaganda coa que, a miúdo, adorna a súa escasa ou nula xestión dos intereses xerais.

Aquí non hai noticias falsas nin conspiracións paranoicas, só datos incontestables que en resumo dá fe do que fixo –e do que non fixo- este equipo de Goberno.

A conta xeral, pois, dá boa conta do seu labor ao longo do ano 2017. Un ano que é o terceiro de xestión de Compostela Aberta (o segundo ano íntegro) no que se evidencia a súa capacidade para empeorar aínda máis os seus resultados á fronte do Concello.

Por iso utilizaremos neste caso o termo xestión máis como un estereotipo ou un eufemismo que como un concepto rigoroso e concreto, porque en rigor “xestión” –o que se di “xestión”- neste documento non se vé por ningures.

Para empezar, traese a Conta Xeral a finais do mes de xaneiro de 2019, cando tiña que estar presentada e aprobada en outubro de 2018. Tres meses de retraso. Na súa liña habitual. Incumprir os prazos de presentación, non é xestionar. Non é xestionar, tampouco, aprobar o propio orzamento de 2017 tres meses tarde (en marzo de 2017), Iso si, rebaixaron en dous meses o aprobación do orzamento do 2016 que chegou 5 meses tarde (en maio de 2016).

Tampouco é xestionar aprobar a liquidación tres meses tarde (en xuño de 2018). Foi a liquidación máis tardía, xunto coa de 2016, desde que dispoñemos dese dato. En todo caso, é a de maior retraso da última década.

Non é xestionar ter a finais de ano 25 M€ na caixa do Concello e deixar 22 millóns como pendentes de pagamento (a cifra máis alta desde o 2011). No 2016 pasou o mesmo: tiñan case 22 millóns no banco a finais de ano e deixaron 21 millóns como pendentes de pagamento.

Non é xestionar incumprir de forma habitual o Período Medio de Pagamento (PMP) e por tanto non pagar aos provedores en tempo e conforme á Lei que marca o límite nos 30 días.

No ano 2017 incumpríron ese período medio en 7 ocasións. Por exemplo, en xullo pagaron 2 millóns en facturas e deixaron sen pagar 10 millóns aos provedores que tiñan que esperar meses para cobrar. No mes de agosto pagaron 3 millóns e deixaron sen pagar 10,9 millóns. No ano 2016 fixeron o mesmo, incumpriron o PMP en seis ocasións. Iso nunca aconteceu co Goberno do PP.

Como consecuencia da falta de xestión, o desgoberno maniféstasee en todos os ámbitos. Así, lémbrolles que o 2017 foi o ano dos seus particulares “contratos sen contrato”, aqueles que caducaron e vostedes foron incapaces de licitalos en tempo e forma (tal e como se recolle na Memoria de xestión indirecta dos servizos públicos). E o caso de: o Matadoiro Municipal, a Cafetería da Granxa do Xesto (que quedou deserta a licitación), a Escola de música (prorrogado ata novembro do 2017), as pistas de padel, a conserxería e limpeza dos Centros de Ensino Infantil e Pimaria, as actividades do Centro de interpretación ambiental, a limpeza nas dependencias municipais, a xestión da Cafetería da Dársena Xoan XXIII, a xestión das marquesiñas do transporte público. E aínda habería que citar algún outro, como o propio servizo de transporte urbano.

Ese desgoberno e a improvisación de CA vese tamén con só mirar os asunto das Xuntas de Goberno: No 2017 levaron 252 urxencias e no 2016 levaron 124 urxencias. É dicir, a improvisación sobe un 103 % dun ano para outro.

Son xa dous anos pechados de desgoberno, de improvisación, de falta de rumbo. Prometeron no seu programa acudir aos procedementos abertos e, no seu lugar, aumentan as adxudicacións directas mediante contratos menores, que cada ano van subindo: 4 millóns no 2015; 4,7 millóns no 2016; 5,25 millóns no 2017 (un incremento do 37,5% en dous anos). Practicamente duplicaron o número de contratos a dedo: dos 462 formalizados en 2016 aos 902 de 2017. Só nos primeiros dous anos e medio de mandato ata 2017 gastaron 12 M€ en adxudicacións a dedo. O curioso é que a maior parte non foron para obras que precisa a cidade, como se podería pensar, e como cabería esperar, senón para servizos (un 62% no ano 2017) moitos deles de dubidosa necesidade.

Presumen moito do gasto social e de formar un Goberno social, pero os números deixan a súa propaganda ao descuberto. Cando aprobaron este orzamento de 2017 pregoaron que eran os orzamentos co maior gasto social da historia. Meses despois, mediante modificacións de crédito, resulta que quitan da aplicación de gasto social - 305.000 euros dos 1, 4 M€ destinados a renda social. É dicir, quitan o 21,5 % e non para destinalo a outro gasto social.

Orzamentan de cara a galería, para alimentar a súa propaganda, porque non é a primeira vez que o fan, lémbrolles que o ano anterior fixeron o mesmo, quitaron o 13,5 % (preto de 203.000 euros de 1,5 millóns) do destinado á renda social.

O incremento do gasto social do que presumen, queda en evidencia cando vemos a conta xeral, porque, por exemplo, o gasto en atención benéficas e asistenciais, é practicamente o mesmo en 2016 que no 2017 (apenas 82.000 euros máis). A realidade é que o gasto social non supón un incremento para atender as necesidades directas da cidadanía, o que aumenta é o gasto en persoal de Servizos Sociais nun 17% e tamén incrementaron o gasto en aplicación informática entre 2016-2017 nun 620%.

No conxunto do orzamento de 2017 quedaron sen executar 31,25 M€ (a cuarta parte do disposto no total). É unha cantidade moi semellante á que quedou en 2015 (23% = 33,6 M€) e en 2016 (21% = 25,52 M€). En tres anos deixaron sen executar preto de 90 M€, case o orzamento municipal dun ano.

No tocante ao orzamento destinado especificamente a investimentos en 2017 quedaron sen empregar 21,6 M€, o que equivale a 77 euros de cada cen dispoñibles. No conxunto dos seus tres primeiros anos quedaron sen investir 61,5 M€.

Esa falta de investimento, a ineficacia no emprego dos recursos dispoñibles, foi a que motivou que se destinasen tantos cartos a amortizacións de crédito. Por dicilo dunha maneira gráfica: o Goberno foi incapaz de executar o orzamento, e por iso no 2017 houbo que destinar 2,54 M€ a maiores aos bancos, por non planificar. E no ano 2018

xa foi o máximo, posto que por incumprir o PMP houbo que regalarlle 3 M€ aos bancos en vez de dedicalos a investimentos.

A habitual tendencia deste Goberno a non adxudicar as obras recollidas no orzamento fixo que a cidade perdera os cartos previstos para ese fin. Así, á vista dos datos dos contratos adxudicados en 2017, puidemos comprobar que no período 2015-2017 se perderon importantes cantidades porque o equipo de Goberno non foi capaz sequera de adxudicar os contratos: En Pavimentación de vías públicas, perdéronse 5,28 M€; en Xardíns, 1,55 M€; en Cultura, 3,18 M€; en Protección do patrimonio, 2,34 M€; en Infraestruturas, 3,73 M€; en Camiños veciñais, 3,72 M€. Só nestes seis conceptos, perdéronse case 20 M€ (19,8) e con eles unha gran oportunidade de mellora para o conxunto do Concello e da cidade.

As contas do Concello delatan os contos de Compostela Aberta. Son a realidade fronte á ficción dun relato que os propios números se encargan de desmentir. A conta xeral de 2017 non ofrece dúbidas: É un suma e segue do fracaso da súa xestión. Un reflexo desa herencia da que tanto falan. Da herencia que vostedes, coa súa nefasta xestión, están a endosarlle xa ao Goberno que virá.

Nós evidentemente non imos apoiar esta Conta Xeral, porque é o resultado dunha acción de goberno que consideramos reprobable. A nosa postura será a abstención, porque o feito, feito está, e non imos ser un obstáculo para a tramitación dun documento que deberá ser remitido para a supervisión do Tribunal de Contas e dos distintos órganos de control externo da Comunidade Autónoma.

A Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, de data 13 de decembro de 2018, informou favorablemente da Conta Xeral da Entidade Local do ano 2017, que foi exposta ó público sen que se produciran reclamacións no BOP nº 238, vernes 14 de decembro de 2018.

Sometido a votación a Conta Xeral 2017, o Pleno da Corporación, cos votos a favor 10: grupo C.A (10 votos) e coas abstencións do grupo popular (8 votos), PSOE (3 votos) e BNG (2 votos) adoptouse o seguinte acordo:

Aprobar a Conta Xeral da Entidade Local do ano 2017.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente douna por finalizada sendo as 17:40 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández

NOTA ACLARATORIA:

Debido a unha eiva na gravación das intervencións nesta sesión plenaria o contido das mesmas foi facilitado por cada un dos grupos políticos municipais. Con estas aportacións esta Secretaría Xeral do Pleno redatou a correspondente acta.